



## FUNDACIONES DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO



## X. FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

O Estatuto de Autonomía de Galicia, na alínea 26, do artigo 27, confire á Xunta de Galicia a competencia exclusiva en materia de fundacións de interese galego.

A Constitución Española, no artigo 34.I recoñece o dereito de fundación para fins de interese xeral, de conformidade coa lei.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan as fundacións do sector público. Neste senso, o artigo 113 da citada lei define como fundacións do sector público autonómico aquelas fundacións nas que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- Que se constituán, directa ou indirectamente, cunha achega maioritaria ou exclusiva da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e/ou das entidades integrantes do sector público autonómico.
- Que o seu patrimonio fundacional, con carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50% por bens e dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.
- Que os seus ingresos proveñan maioritariamente dos orzamentos da Comunidade Autónoma sempre que, neste caso, se posúa a maioría ou se exerza control análogo sobre os seus órganos de goberno e dirección.

A Resolución de 14 de outubro do ano 2020, da Dirección xeral de Planificación e Orzamentos, pola que se establecen os formatos da documentación a remitir polos entes públicos empresariais, sociedades mercantís, fundación e consorcios do Sector Público Autonómico, ao abeiro da Orde de 9 de outubro de 2020 pola que se instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, establece os formatos que deberán empregar as fundacións públicas autonómicas para remitir a súa documentación orzamentaria co obxecto de garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados ao sector público empresarial nun contexto de austeridade no gasto público.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos ás fundacións son os autorizados pola normativa contable vixente para a formulación das contas anuais, recollida no Real Decreto 1491/2011, de 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativos.

### Fundacións do sector público autonómico

	Explotación	Capital
Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	1.279	74
Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	7.868	9.400
Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061	74.336	
Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica	4.800	1.425
Fundación Galicia Europa	759	4
Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas	1.295	5
Fundación Semana Verde de Galicia	2.904	
Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño	684	5
Fundación Centro Tecnolóxico Supercomputación de Galicia	2.462	23.002
Fundación Exposicións e Congresos A Estrada	206	
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	520	29
Fundación feiras e Exposicións de Ourense	1.315	30
Instituto Feiral de A Coruña	420	
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	2.255	450
Fundación Pública Galega Rof Codina	1.921	10
Fundación Deporte Galego	3.990	10
Fundación Centro Tecnolóxico do Mar	4.097	
Fundación Galega Formación para o Traballo	627	1
Fundación Camilo José Cela	289	2
<b>Total</b>	<b>112.028</b>	<b>34.446</b>

(Miles de Euros)